

 Seminario Gallego



María V. Novoa

5º Educación Infantil

Día das letras galegas 2018




6º DE EDUCACIÓN INFANTIL



M^a VICTORIA MORENO

ACTIVIDADES




EU SON DON PÍO, UN GALO FACHENDOSO QUE FAI DE CATAVENTOS NO ALTO DO TELLADO. SON OBRA DA ESCRITORA M^a VICTORIA MORENO DA QUE VOS VOU CONTAR UNHAS COUSAS NESTAS PÁXINAS.

M		R			V		C	T		R		
---	--	---	--	--	---	--	---	---	--	---	--	--

A	Í	A	I	I	O	A
---	---	---	---	---	---	---

Diagram showing connections between letters in the top row and the bottom row. Lines connect the first empty box to the first 'A', the second empty box to the second 'A', the third empty box to the third 'A', the fourth empty box to the first 'I', the fifth empty box to the second 'I', the sixth empty box to the 'O', and the seventh empty box to the second 'A'.

SIGUE AS LIÑAS E COMPLETA O NOME DA ESCRITORA.



O MES DE MAIO CELÉBRASE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS PARA HOMENAXEAR A ESCRITORES E ESCRITORAS QUE ESCRIBIRON EN GALEGO E DEFENDERON O NOSO IDIOMA.

ESTE ANO HOMENAXEAMOS A M^a VICTORIA MORENO.

6º DE INFANTIL


D Í D S

L E T R S


G L E G S




COLOREA, RECORTA E COLOCA AS LETRAS QUE FALTAN.



A PROFESORA E ESCRITORA M^a VICTORIA MORENO NACEU FÓRA DE GALICIA, NUNHA VILA DE CÁCERES. DE MAIOR VEU TRABALLAR Á NOSA TERRA.



QUE CAMIÑO TEN QUE PERCORRER M^a VICTORIA PARA CHEGAR A GALICIA?




TRABALLOU DE PROFESORA EN PONTEVEDRA, DANDO CLASE AOS RAPACES E RAPA-ZAS DE INSTITUTO. TAMÉN TIVO TEMPO PARA ESCRIBIR MOITOS LIBROS PARA ELES E PARA OS MÁIS PEQUENOS.

CUNHA PRESA DE LETRAS
E UN ALOUMIÑO
VOUCHE CONTAR UN CONTO
COMA UN SORRISO.

UN CONTO LEDO
COMA OS OLLOS DUN CAN
E A VOZ DUN NENO.

	<i>a</i>
	<i>e</i>
	<i>i</i>
	<i>o</i>
	<i>u</i>

NESTE CONTO CHEO DE VOGAIS CONTA E ESCRIBE, A CARON DE CADA UNHA, O NÚMERO DE VECES QUE SE REPITEN.



A SÚA PRIMEIRA NOVELA, «MAR ADIANTE», CONTA A HISTORIA DUNS NENOS QUE FAN ESCOLA DENTRO DUN BARCO AO TEMPO QUE VAN NAVEGANDO POLO MAR.

QUEN PASOU

PASOU A MAR TODA.

DA MAR O SALMÓN

E DA TERRA

GAIVOTAS NO MAR,


MARIÑEIROS

A MAROLA,


O LACÓN.

A PESCAR.



COMPLETA AS RIMAS MARIÑEIRAS: QUEN PASOU... A MAROLA PASOU A MAR TODA.
DA MAR O SALMÓN E DA TERRA... O LACÓN. GAIVOTAS NO MAR, MARIÑEIROS... A PESCAR.




GAÑOU O PREMIO DO FACHO CO CONTO «O CATAVENTOS», QUE CONTA A HISTORIA DUN GALO CHAMADO DON PÍO, QUE QUERÍA CHEGAR MÁIS ALTO QUE O RESTO DAS SÚAS COMPAÑEIRAS DO GALIÑEIRO.




EU SON O QUE MANDA AQUÍ
E ESA PARVA DE GALIÑA
VOA MÁIS ALTO CA MIN.




AQUÍ ESTOU -KIKIRIKÍ-
PARA QUE MIREN AS GALIÑAS
QUEN É O QUE MANDA AQUÍ.



UNE CADA ANIMAL COA SÚA PARELLA E COLOREA.




«A FESTA NO FAIADO» CONTA A HISTORIA DUNHA BONECA E UN GATO QUE FAN UNHA COMIDA Á QUE INVITAN AOS RATOS E AOS PAXAROS.



RIBA DUN TALLO VELLO, COLOQUEI UN PANO A XEITO DE MANTEL, UNS LABESTRIÑOS DO TELLADO NO MEDIO, UN PRATO DE SARDIÑAS PARA GATO, UNHAS TAPIÑAS DE QUEIXO PARA OS RATOS E FRANGULLAS DE PAN PARA OS PARDAIS.

UNE CADA ANIMAL COA SÚA COMIDA: O GATO, O RATO E O PARDAL.




NO SEU LIBRO «¿UN CACHIÑO DE BICA?» FÁLANOS DAS COMIDAS QUE FACEMOS AO LONGO DO DÍA.

PEDÍN CAFE CON LEITE
Á CAMAREIRA
E TROUXOME UNHA TAZA
CHEA DE LETRAS.
E UNHA CULLER
POR SE ME VIÑA ANTOLLO
DE REMEXER.




IDEAR ENTRE TODA A CLASE O MENÚ QUE LLE GUSTARÍA COMER A MARÍA VICTORIA, ESCRIBILO, DECORALO E PROBAR A FACER ALGO NA CLASE.




TEN OUTRO CONTO ESCRITO EN VERSO, «XA NON TEÑO MEDO», QUE TRATA SOBRE UN NENO QUE TIÑA MEDO A DURMIR ÁS ESCURAS E SÓ .

NO ARMARIO MÁIS PEQUENO
TEÑO TRES GATOS,
UN CANCIÑO DE SEDA
E DEZ LAGARTOS.

DORMEN DE DÍA
E POLAS NOITES TRAMAN
MIL OUSADÍAS.



RODEA A CANTIDADE DE ANIMAIS QUE SE INDICAN: 3 GATOS, 1 CAN, 4 LAGARTOS.




E TAMÉN TEN CONTOS DE ANIMAIS, DE DOUS CANS CHAMADOS NICOLAU E CORRECAMIÑOS, UN NEGRO E OUTRO BRANCO.

6º DE INFANTIL

NICO NON ERA LAMBÓN,
MAIS GUSTÁBANLLE AS GALLETAS,
TOLEABA POLO PAN
E ERA FELIZ COAS CODELAS
QUE GARDABA E VIXIABA
COMA A MAIOR DAS RIQUEZAS.


MAIS NON PENSEDES QUE NICO
DEVECÍA POR COMELAS,
SENÓN QUE AS ÍA XUNTANDO
POR XOGAR DESPOIS CON ELAS.



BUSCA AS CINCO DIFERENZAS NO DEBUXO.


MARÍA VICTORIA MORENO

17 DE MAIO 2018
DÍA DAS LETRAS GALEGAS



«A miña relación
con Galicia e a miña
opción pola súa
lingua é simplemen-
te unha historia de
amor.»

María V. Moreno



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

seminariogalan.org

CARICATURA: A. PALLA
ILUSTRACIÓN: C. GALLEGO